

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 29 DE XANEIRO DE 2018**

### **ASISTENTES:**

*Alcalde-Presidente:*

*D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)*

*Sres./as. Concelleiros/as:*

*D<sup>a</sup>. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)*

*D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)*

*D<sup>a</sup>. María Begoña Balsa Alonso (ídem)*

*D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)*

*D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)*

*D<sup>a</sup>. Montserrat Rico López (ídem)*

*D. Roberto Rey Fernández (ídem)*

*D<sup>a</sup>. María Carmen Insua Cabanas (ídem)*

*D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA)*

*D. Carlos Caaveiro Puentes (ídem)*

*D<sup>a</sup>. Cristina Bouza Bellón (BNG-Grupo Mixto)*

*D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo Mixto)*

*Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e dous de xaneiro de dous mil dezaoto, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez.*

*Asiste igualmente a Interventora desta entidade, D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup>. Prieto Martínez.*

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27/11/2017**

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade procede á aprobación da citada acta.

### **2º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA 1/2018**

O Pleno toma coñecemento do Decreto da Alcaldía 1/2018, copia do cal figura a disposición dos concelleiros/as xunto coa documentación do presente Pleno.

### **3º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE PARA A INMEDIATA ACTUACIÓN EN MATERIA DE FACENDAS LOCAIS E FUNCIÓN PÚBLICA**

A portavoz do grupo municipal, Sra. Pena Barcia, da lectura a moción do seguinte tenor literal:

#### **MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A INMEDIATA ACTUACIÓN EN MATERIA DE FACENDAS LOCAIS E FUNCIÓN PÚBLICA**

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Administración local é a máis próxima á cidadanía. As persoas, os seus dereitos e o seu benestar son o centro da nosa actuación. Os socialistas estamos a demostrar que os Concellos poden gobernarse doutra forma, con eficacia e responsabilidade, actuando doutra maneira, sensible, próxima e solidaria. O PSOE aposta por municipios fortes, con capacidade de decisión e con recursos adecuados para dar resposta ás demandas cidadás, entendendo por tanto, que o futuro marco competencial debe cumprimentarse cun sistema de financiamento estable e suficiente.

O Goberno do PP leva anos sometendo ás EELL a un estrito control orzamentario e económico, regulando diferentes aspectos que practicamente deixaron aos concellos sen posibilidades de cumprir o papel que deben desenvolver na mellora dos servizos de benestar, a creación de novo emprego e todos os servizos de proximidade demandados.

E todo iso, ademais, cando a administración local cumpriu con fartura cos seus compromisos de estabilidade orzamentaria e os obxectivos marcados polo Goberno.

En primeiro lugar, no exercicio 2016, o conxunto das Corporacións Locais rexistrou unha diminución do gasto computable do 1,2%, o que supón o cumprimento da regra de gasto neste exercicio, xa que a taxa de variación permitida é o 1,8%, seguindo ademais a tendencia redutora nos obxectivos fixados para os próximos anos.

En canto ao obxectivo de estabilidade orzamentaria aprobado para as Corporacións Locais, que o ano pasado era alcanzar unha situación de equilibrio, o resultado rexistrado foi un superávit de 6.847 millóns de euros, cifra que representa o 0,61% do PIB, sendo a única administración que non incorreu en déficit. Unido a iso, a utilización do superávit xerado está suxeita a unha serie de requisitos e limitacións obrigando a que se utilice só en investimentos "financeiramente sustentables", o que, ademais de implicar unhas finalidades moi estritas, non permite, de ningunha maneira, investimentos en gasto corrente.

En relación aos obxectivos de débeda pública, o obxectivo en 2016 foi do 3,0% do PIB, alcanzando ao final do exercicio o 2,9% o que supón o cumprimento do obxectivo fixado, unha vez máis. As cifras fixadas para os anos posteriores seguen reducindo o %, sendo esta unha medida claramente discriminatoria cara aos Gobernos Locais en

relación co Estado e as CCAA, que non teñen un límite parecido a pesar de sumar entre ambos a práctica totalidade da débeda.

Unido a todo o anterior, non podemos obviar a diminución de empregados públicos da administración local, que pasou de 647.488 empregados en xaneiro de 2011 aos 547.825 empregados de xullo de 2016 o que supón unha redución do 15,39%. Isto abocou a unha situación na que as Entidades locais padecen graves dificultades para a prestación dos servizos que obrigatoriamente teñen encomendados, incrementándose o problema nos pequenos e medianos municipios.

Como vemos, a situación das entidades locais esixe que o Goberno se tome en serio as reivindicacións que levan anos expondo: revisión da regra de gasto, destino do superávit, débeda pública e taxa de reposición, para afrontar os problemas aos que cada día teñen que enfrontarse e seguir prestando os servizos públicos necesarios, permitíndolles, ademais, marxe de manobra para elaborar adecuadamente os orzamentos municipais para 2018

**Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Neda, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:**

1-Revisar e adecuar a regra de gasto ás necesidades dos servizos públicos que prestan os concellos, seguindo as mellores prácticas internacionais e tendo en conta criterios de sustentabilidade das contas públicas ao longo do ciclo.

2-Eliminar os límites impostos polo Goberno aos fins para que as Entidades locais, a condición de que teñan as contas saneadas, e en uso da súa plena autonomía financeira, poidan destinar o superávit que xeren en cada exercicio orzamentario a promover programas e servizos que demanda a cidadanía: políticas sociais, políticas activas de emprego, programas de Igualdade, políticas de mocidade, etc.

3-Suprimir as restricións á concertación de operacións de endebedamento por parte das Entidades locais non incursas nos supostos da Lei de Estabilidade.

4-Modificar a regulación da taxa de reposición dos efectivos na Administración Local de maneira que alcance nos servizos de interese prioritario o 150%, e no resto dos servizos municipais o 100%.

**DEBATE:** **Sr. Cabezón Lorenzo:** resulta evidente a necesidade de acometer medidas tendentes a favorecer a xestión orzamentaria daqueles concellos que teñan unha situación de solvencia nas súas contas públicas, coa idea de poder ser mais eficientes neste ámbito e adecuar a interpretación da regra de gasta á situación de maiores ingresos públicos, pero sen descoidar que a regra de gasto é unha boa guía de disciplina orzamentaria aplicable a nivel europeo.

Coa aprobación da Lei de orzamentos do Estado permítese que os concellos con unha situación financeira saneada poidan utilizar ou investir o seu aforro.

Hai que traballar para ir adecuando a regra de gasto á situación actual das entidades locais, completamente diferente á de fai cinco anos, sendo en todo caso compatible esta revisión cos compromisos de estabilidade que temos coa Unión Europea.

Esta adecuación e revisión non nos pode levar a repetir conductas do pasado e volver a situacións vividas coa anterior Lei de estabilidade, que operou co goberno socialista, cando se abandonou a disciplina fiscal para introducir unha importante marxe de discrecionalidade política que buscaba exclusivamente a maior flexibilidade para lexitimar maior déficit público.

Por todo elo, e como condición para a aprobación da moción, presentamos a seguinte emenda transaccional para a súa consideración por parte do Pleno:

“Instar á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España, que leve a cabo una revisión do deseño e aplicación da regra de gasto seguindo os criterios e normas aprobados no eido da Unión Europea, e tendo en conta criterios de estabilidade orzamentaria e de sostibilidade financeira das administracións públicas”.

**Sra. Pena Barcia:** No aceptamos la enmienda, porque desnaturaliza absolutamente el contenido de la moción, y supone más de lo mismo.

La Unión Europea establece el marco general de la regla, pero los criterios con lo que se aplica, son competencia de cada estado, por lo tanto, el argumento no vale, porque no se discute la regla, se discute sus criterios de aplicación, y esta moción es un ataque frontal a esos criterios de aplicación.

**Sr. Caaveiro Puentes:** estamos a favor da moción.

**Sra. Bouza Bellón:** estamos a favor da moción.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO, e 4 votos en contra dos Sres. Concelleiros do PP, presta aprobación á transcrita moción.

**4º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE PARA REGULAR ADECUADAMENTE A FIGURA DO CONSUMIDOR VULNERABLE DO REAL DECRETO 897/2017, DE 6 DE OUTUBRO**

A portavoz do grupo municipal, Sra. Pena Barcia, da lectura a moción do seguinte tenor literal:

## **MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE NEDA PARA REGULAR ADECUADAMENTE A FIGURA DO CONSUMIDOR VULNERABLE DO REAL DECRETO 897/2017, DE 6 DE OUTUBRO**

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, define a figura do consumidor vulnerable, asociándoa, como regra xeral, a determinados limiares de renda referenciados ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), en función do número de membros que compoñan a unidade familiar.

Segundo dispón a nova norma, evitárase o corte de subministración eléctrica aos fogares que acrediten a condición de vulnerabilidade severa se os servizos sociais (locais ou autonómicos) abonan a factura.

Ante unha situación de falta de pagamento o proceder das eléctricas será indicar aos seus clientes que acudan aos servizos sociais e se estes pagan o 50% das súas facturas, entón non se lles cortará a subministración.

A Memoria Xustificativa do Real Decreto realiza unha análise de impactos que, entre outros, inclúe o orzamentario, respecto do cal sinala que “o custo total estimado das medidas contidas neste real decreto non ten impacto orzamentario, pois non existen custos específicos que determinen a necesidade dunha dotación ou incremento nas correspondentes partidas orzamentarias”.

Numerosos expertos e organizacións sociais sinalaron que esta non é a maneira adecuada de abordar o problema. A Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais de España puxo de

manifesto que a medida posúe lagoas e efectos perversos entre os que se atopan os seguintes:

- Un importante impacto orzamentario en concellos e comunidades, nin previsto nin pactado no seo do órgano que debía coñecer e abordar o asunto (Consello Territorial de Servizos Sociais). Por outra banda, non hai garantía de asunción polas administracións con servizos sociais, o que xerará graves desigualdades territoriais na abordaxe final do asunto.
- O PGE de 2017 non contemplaron o impacto da medida.
- Obviáronse e ninguneáronse os sistemas de protección xa existentes nalgunhas comunidades autónomas e concellos.
- Xerarase unha sobrecarga de xestión imposible para os servizos e para os profesionais xa exhaustos porque durante a crise viron multiplicada a demanda e minguados os recursos.
- Discrimínanse positivamente algunhas circunstancias (familias numerosas con independencia dos seus ingresos) mentres que outras, moito máis castigadas actualmente, (monoparentalidade ou soidade) non son tidas en conta.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Neda presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN** instando o Goberno de España a:

1. Reforzar o Plan Concertado de prestacións básicas de servizos sociais dende a Administración Xeral do Estado para consolidar e desenvolver as estruturas dos servizos sociais de atención primaria, así como as súas funcións e prestacións básicas, impulsando un sistema público de nivel primario que permita atender a toda a cidadanía.
2. Reformar o Real Decreto regulador da figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
3. Para que non se faga recaer o custo das medidas de protección nas administracións territoriais titulares dos servizos sociais,

incluír nos Orzamentos Xerais do Estado unha cantidade suficiente para sufragar o custo da protección ao consumidor vulnerable. Esta partida orzamentaria repartirase entre as Comunidades Autónomas segundo os criterios que se acorden no Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

4. Aprobar, mediante o acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, unha norma que impida o corte da subministración de gas aos consumidores vulnerables.

**DEBATE: Sr. Cabezón Lorenzo:** dende o PP compartimos a importancia dos servizos sociais e o seu reforzamento. Temos que lembrar que o bono social do PSOE foi anulado por parte do Tribunal Supremo. As Directivas comunitarias sobre esta materia son do ano 2009, e o goberno socialista non fixo nada para a súa incorporación a ordenamento xurídico español, senón que o fixo o PP en 2012.

O PP implantou o ticket social, e agora o Parlamento de Galicia vai aprobar unha lei que impulsará e reforzará medidas nesta liña.

**Sra. Pena Barcia:** no seu momento, o PSOE fixo alegacións ao Decreto que aprobou o goberno do PP, e non foron admitidas ningunha. O PP regula, e despois que paguen outros.

**Sr. Cabezón Lorenzo:** iso foi o que fixo o PSOE coa Lei de dependencia.

**Sr. Caaveiro Puentes:** totalmente de acordo coa moción.

**Sra. Bouza Bellón:** tamén estamos totalmente de acordo coa moción.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO, e 4 votos en contra dos Sres. Concelleiros do PP, presta aprobación á transcrita moción.

## **5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE SOBRE A AVESPA VELUTINA**

A portavoz do grupo municipal, Sra. Pena Barcia, da lectura a moción do seguinte tenor literal:

### **MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A AVESPA VELUTINA**

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo

Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno esta **MOCIÓN**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A situación provocada nos últimos anos polo asentamento definitivo da avéspera velutina en Galicia está a coller uns niveis alarmantes que afectan de xeito notable ás expectativas da fauna local, froitos e, principalmente, da poboación de abellas melíferas.

Desde a súa aterraxe no continente europeo en 2004 a progresión expansiva desta especie acabou por achegala ao norte peninsular no ano 2010 e pouco tempo despois, entre 2012\13, empezaron a detectarse na Galicia costeira. Dada a súa capacidade de adaptación e expansión esta especie comezou a tomar carta de natureza nos concellos costeiros desde os que se está espallando por todo o territorio da nosa comunidade.

As características desta especie foránea, substanciadas nun gran tamaño e agresividade, convértena nunha depredadora da "apis mellifera", a produtora de mel e polinizadora, causando un gran número de baixas nas colmeas coa conseguinte alarma entre os apicultores galegos que se vén desbordados por esta continxencia, e poñendo en perigo non só unha relevante e crecente actividade socioeconómica senón tamén as posibilidades da adecuada polinización.

A pesar dos programas de localización e retirada de niños, estes téñense amosado como insuficientes dadas as características reprodutoras desta especie invasora.

Independentemente destas accións puntuais parece evidente que as solucións para controlar e estabilizar as poboacións de velutina pasan pola investigación para dar con fórmulas de control que non teñan efectos colaterais na fauna e na flora.

As condicións climatolóxicas deste inverno-primavera de 2017 están a ser especialmente favorables para a expansión desta especie tan daniña para as abellas produtoras de mel.

A ausencia de frío non reduciu a actividade de moitos niños de velutina nin o número de reinas procreadoras, como viña sucedendo nos derradeiros anos, polo cal os apicultores están temendo un repunte da actividade da velutina.



Por estas razóns é imprescindible redobrar e canalizar adecuadamente os esforzos para loitar con efectividade contra esta praga:

a) O trampeo masivo deberá comezar no mes de febreiro, a máis tardar, cando as temperaturas aumenten, debendo comezar polas zonas máis cálidas da comunidade autónoma e ir avanzando progresivamente cara ao resto de Galicia.

b) A potenciación da investigación é imprescindible, tanto para coñecer adecuadamente os comportamentos e características da velutina como para atopar as fórmulas adecuadas coas que combatela.

c) O combate dunha praga coas características da velutina require unificar esforzos e contar coa participación dos axentes implicados nesta loita. Por esta razón entendemos que a presenza e integración do tecido asociativo apícola galego é de gran interese para atopar as mellores fórmulas de extinción e control da praga.

d) Coñecer as características da praga por parte da poboación implica un labor de divulgación que debe ir desde os centros de ensino ata a poboación en xeral. Por outro lado, o coñecemento das características da velutina, comportamentos individuais e colectivos, particularidades de niños e todo aquilo que supón un coñecemento certo desta praga é fundamental para as persoas que teñen a misión de extinguíla de aí que a formación específica do persoal que ten que eliminala é tan fundamental como necesaria.

e) Outra das liñas de actuación fundamentais é a loita preventiva, a levar adiante antes do verán, para evitar un incremento do número de niños primarios para axudar no control de individuos.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal desta **MOCIÓN** coa adopción do seguinte **acordo**:

#### **Instar ó Goberno galego a:**

a) Comezar o trampeo en tempo; de febreiro a abril, nas zonas máis cálidas e, de marzo a maio, no resto da comunidade.

b) Afrontar o custe da compra de 50.000 trampas, máis o atraente necesario para que este mecanismo sexa efectivo.

c) Facer unha campaña informativa e divulgativa de como utilizar os medios para a erradicación deste insecto.

d) Establecer quen ou os que deben colocar as trampas para realizar o trampeo masivo.

e) Dotar unha partida orzamentaria suficiente para afondar na investigación, co fin de atopar e/ou mellorar os sistemas de erradicación desta especie.

f) Establecer axudas directas para facerlle fronte aos danos causados pola avésa asiática na cabana apícola e frutícola.

g) Abrir a comisión de seguimento aos representantes do sector apícola.

h) Que se encarguen, con dispoñibilidade de medios e personal, da retirada de niños, ofrecendo teléfono de aviso á disposición da veciñanza, ou doten aos concellos de presuposto específico para contratación de personal encargado de proceder á retirada.

**DEBATE: Sr. Cabezón Lorenzo:** vou contestar punto por punto ás propostas desta moción:

**1.- Potenciar os esforzos da loita preventiva na primavera para a máxima captura de raíñas.**

Todas as actuacións que se están a realizar dentro do Plan de vixilancia e control da Vespa velutina prográmanse estacionalmente.

A captura de raíñas mediante a colocación de trampas no entorno dos colmeares estableceuse inicialmente en dous períodos:

- Captura de primavera: momento o que as raíñas fundadoras saen da hibernación para iniciar o no ciclo anual.

- Captura de outono: momento no que as futuras raíñas, recentemente fecundadas polos zánganos, se sitúan fóra do niño, antes da hibernación previa ao inicio do novo ciclo anual.

De acordo cos coñecementos científicos actuais, o trampeo de outono non resulta suficientemente recomendable, motivo polo que actualmente a captura céntrase no período de primavera.

**2.- Impulsar as liñas de investigación con suficiente orzamento e non duplicar as liñas de investigación.**

A Universidade de Vigo, a través de dos grupos de investigación.

A Universidade de Santiago de Compostela está desenvolvendo actualmente catro liñas de investigación. A sinatura do convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (CMAOT) e as Universidades de Vigo (UVigo) e Santiago de Compostela (USC) supón un paso máis.

**3.- Incluir aos representantes do tecido asociativo apícola na comisión de seguimento da problemática da velutina.**

Debe terse en conta que a Consellería do Medio Rural está en contacto permanente coas asociacións apícolas, mantén unha comunicación continua e fluída con elas, recollendo todas as súas observacións e propostas e participando nos diversos foros que estas organizan.

#### **4.- Desenvolver un programa de divulgación sobre a praga para a poboación en xeral, ademais dun programa específico para os centros de ensino.**

- A Consellería do Medio Rural realizou tamén unha ampla campaña de difusión en prensa e radio, e na Televisión de Galicia realizáronse diversos programas informativos sobre a problemática da Vespa velutina.
  - O persoal da Consellería do Medio Rural participou tamén gratuitamente en charlas informativas organizadas por Concellos e outras entidades (asociacións apícolas, asociacións locais...), en relación á Vespa velutina.
- Así mesmo, o cidadán dispón de información actualizada na páxina web da Consellería do Medio Rural [http://mediorural.xunta.gal/areas/gandaria/apicultura/vespa\\_velutina](http://mediorural.xunta.gal/areas/gandaria/apicultura/vespa_velutina), onde se pode atopar tanto información xeral de interese.

Entendemos polo tanto que xa se están levando a cabo as tarefas que demandan nesta moción e por iso votamos en contra.

**Sr. Caaveiro Puentes:** non se fixo nada contra a velutina, nin neste Concello, nin na Xunta de Galicia. Soamente en Vizcaya se tomaron medidas adecuadas e se avanzou algo na erradicación desta praga.

Fai dous anos, dende Moveneda presentamos unha moción neste senso, de ámbito municipal, e agora se eleva por parte do goberno municipal esta moción á Xunta de Galicia. De oito medidas que prevé esta moción, seis xa estaban contempladas na nosa moción, e non se adoptaron.

Non se fixeron estudos, recollidas de datos, obradoiros, tampouco se adoptaron garantías de traballo dos voluntarios, e disto, que non se fixo nada a nivel municipal, agora se solicita á Xunta de Galicia.

Dende o punto de vista temporal, a moción ven tarde, porque case non hai invernos, que é cando hai que tomar as primeiras medidas.

Ademais, en investigación non se fai case nada.

En todo caso, e posto que pensamos que hai que tomar medidas contra esta praga, votaremos a favor da moción presentada.

**Sra. Bouza Bellón:** a favor da moción.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO, e 4 votos en contra dos Sres. Concelleiros do PP, presta aprobación á transcrita moción.

## **6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA APOIAR E DEFENDER A PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE**

O portavoz do grupo municipal, Sr. Cabezón Lorenzo, da lectura a moción do seguinte tenor literal:

### **MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DEL CONCELLO DE NEDA, PARA APOYAR Y DEFENDER LA PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE**

El Grupo Municipal Popular del Concello de Neda, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Moción

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

La Ley Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, por la que se modifica la Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal, que entró en vigor el 1 de julio de 2015, introdujo en nuestra legislación la prisión permanente revisable.

Se trata de un instrumento que existe en muchos países de nuestro entorno, en gobiernos de todo tipo de corte político; es una institución coherente, que se incorpora bien a nuestro modelo de garantías y tiene perfecto encaje penal.

La prisión permanente revisable, lo señala claramente la Exposición de Motivos de esta Ley, no renuncia a la reinserción del penado, pues una vez cumplida una parte mínima de la condena, "un Tribunal deberá valorar nuevamente las circunstancias del penado y del delito cometido y podrá revisar su situación personal".

La previsión de esta revisión judicial periódica de la situación personal del penado, idónea para poder verificar en cada caso el necesario pronóstico favorable de reinserción social, dice la Exposición de Motivos, "aleja toda duda de inhumanidad de esta pena, al garantizar un horizonte de libertad para el condenado". Una vez cumplido el tiempo mínimo de la pena, "si el Tribunal considera que no concurren los requisitos necesarios para que el penado pueda recuperar la libertad, se fijará un plazo para llevar a cabo una nueva revisión de su situación; y si, por el contrario, el Tribunal valora que cumple los requisitos necesarios para quedar en libertad, se establecerá un plazo

de libertad condicional en el que se impondrán condiciones y medidas de control orientadas tanto a garantizar la seguridad de la sociedad, como a asistir al penado en esta fase final de su reinserción social".

Añade la Exposición de Motivos que "la pena de prisión permanente revisable no constituye, por ello, una suerte de «pena definitiva» en la que el Estado se desentiende del penado. Al contrario, se trata de una institución que compatibiliza la existencia de una respuesta penal ajustada a la gravedad de la culpabilidad, con la finalidad de reeducación a la que debe ser orientada la ejecución de las penas de prisión".

Igualmente señala que "se trata, en realidad, de un modelo extendido en el Derecho comparado europeo que el Tribunal Europeo de Derechos Humanos ha considerado ajustado a la Convención Europea de Derechos Humanos, pues ha declarado que cuando la ley nacional ofrece la posibilidad de revisión de la condena de duración indeterminada con vistas a su conmutación, remisión, terminación o libertad condicional del penado, esto es suficiente para dar satisfacción al artículo 3 del Convenio (cfr. SSTEDH 12-2-2008, caso Kafkaris vs. Chipre; 3-11-2009, caso Meixner vs. Alemania; 13-11-2014, caso Affaire Bodein vs. Francia; 3-2-2015, caso Hutchinson vs. Reino Unido)".

Pese a todo ello, varios grupos parlamentarios presentaron recurso de inconstitucionalidad, recurso que el Tribunal Constitucional admitió a trámite en julio de 2015. La admisión a trámite no supone pronunciamiento alguno sobre el fondo del asunto, si bien algunos pretenden la derogación de esta medida sin esperar el pronunciamiento del Tribunal Constitucional.

Así, el 4 de octubre de 2016 el Pleno del Congreso de los Diputados debatió y aprobó por mayoría de los Grupos Parlamentarios Vasco (EAJ-PNV), Socialista, Esquerra Republicana, Confederal de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea, Mixto y la abstención de Ciudadanos, y solo con el voto en contra del Grupo Parlamentario Popular, la Proposición no de Ley para la Derogación de la Pena de Prisión Permanente Revisable.

Y más recientemente, el pasado 10 de noviembre, ha sido admitida a trámite una Proposición de Ley de Modificación de la L.O. 10/1995 del Código Penal (Orgánica), que pretende derogar la prisión permanente revisable y que contó con el único voto en contra del Grupo Popular.

Tras estos hechos y actuaciones, son multitud los ciudadanos que han manifestado su apoyo a la pena de prisión permanente revisable como medio para garantizar la seguridad, los derechos y libertades de todos los españoles.

Por todo ello, el Grupo Municipal Popular presenta la siguiente

### **MOCIÓN:**

*El Concello de Neda manifiesta:*

PRIMERO.- Su apoyo a la figura de la prisión permanente revisable incorporada al ordenamiento jurídico español por la Ley Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, por la que se modifica la Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal.

SEGUNDO.- Instar a los diferentes Grupos Parlamentarios con representación en el Congreso de los Diputados a que reconsideren su postura sobre la derogación de la prisión permanente revisable.

TERCERO.- Dar traslado de estos acuerdos al Ministro de Justicia, a los Grupos Políticos del Congreso, Senado y de las Cortes, Parlamento de Galicia y a la Junta de Gobierno de la FEMP.

**DEBATE: Sra. Pena Barcia:** en el momento que fue aprobada la reforma del Código Penal y se impuso esta pena, el PSOE la recurrió al Tribunal Constitucional, por entender que vulnera claramente la Constitución. Los socialistas no tenemos doble discurso, respetamos la ley y muy especialmente la Constitución en todo caso, el PP a veces es constitucionalista, a veces un claro vulnerador de la misma, porque creemos que no puede existir duda alguna, de que esta pena viola lo establecido en los arts. 10, 15 y 25.

Lo creemos los socialistas y lo creen todos los operadores jurídicos, que algo sabrán de esto y han considerado que existe violación de la Constitución: el Consejo General de la Abogacía española, el Consejo General del Poder Judicial (sólo 2 vocales del PP no ven problema de constitucionalidad; es decir, la mayoría de los vocales del PP si lo ven) la totalidad de las asociaciones de funcionarios de prisiones y hasta el Consejo de Estado la considera innecesaria).

Y tratáis de ampararos en el Derecho comparado, pero porque no decís que en la mayoría de esas legislaciones, Francia, Italia, Alemania, se aplica la revisión a los 15 años, o 20 años, y porque no decís que en esas legislaciones europeas hay revisión obligatoria de la condena, no se deja a lo que opine el juez de turno, porque no decís que

en esas legislaciones se obliga al juez a que la pena se ajuste a la realidad del caso concreto, hasta en Alemania, pero en el sistema español no existen especificaciones.

Porque no decís que la prisión permanente deja fuera la reeducación y la reinserción del reo y por lo tanto porque no decís que la Constitución prohíbe al legislador establecer penas contra la reinserción social, es que lo viene diciendo el Tribunal Supremos ya desde el año 1993, que esas penas suponen un tratamiento inhumano por privar de la oportunidad reinsertadora.

Y sobre todo, porque no decís que esta pena, viola garantías de derecho penitenciario, pero no endurece en realidad la pena, sólo aporta “ populismo punitivo”, no lo decís, lo ocultáis, pero lo vamos a explicar nosotros, porque la realidad es que antes de instaurar esta pena, los asesinatos del art. 140 ya llegaban a 25 años de condena, es más, una pena impuesta por varios delitos, por ejemplo de 125 años, tenía un cumplimiento máximo de 40 años, que daba derecho al tercer grado a los 32 años de cumplimiento y la libertad condicional cuando se cumplieran 35 años de prisión, y ahora resulta que 25. antes de esta reforma una condena por asesinato y por agresión sexual, que se juzgaban como dos delitos, podían suponer 40 años, ahora 25. los socialistas no somos benévolos con los criminales, el sistema anterior al 2015 garantizaba el cumplimiento íntegro de las condenas largas, nuestro sistema penal tenía un sistema represivo de los más duros o el más duro de Europa.

Pretendéis confundir y que la gente asimile la prisión permanente revisable a la cadena perpetua, no es verdad, es revisable a los 25 años, en los crímenes más execrables se baja el cumplimiento y sabéis en lo único que habéis ganado: en que introducís falta de certeza en la obtención de beneficios penitenciarios, lo que nuevamente viola la Constitución.

Y esta pantomima de permanente-revisable, una cosa contradice la otra, sólo la utilizáis para distorsionar la opinión pública, con un fin político, os estáis valiendo del dolor de las familias de las víctimas, pero no le explicáis lo que yo acabo de explicar, pero las familias es normal que actúen desde el dolor, desde el odio e incluso desde el ánimo de venganza, es un sentimiento humano, comprensible, pero el legislador tiene que estar por encima de la venganza, por encima de los circos mediáticos, como me gustaría poder explicar a las víctimas que se ha reducido la dureza de la pena en muchas ocasiones, que los están usando políticamente con engaño, porque poner a las víctimas como eje de la política criminal es un error ético, a ellas no se les puede exigir imparcialidad y objetividad. Y estamos con ellas, desde la verdad y desde el respeto a la ley, y al PP en este tema le falta verdad y le falta respeto al ordenamiento jurídico.

**Sr. Caaveiro Puentes:** comparto plenamente o dito pola portavoz do PSOE, e sómente dúas cousas queremos aportar a maiores. España ten as cárceres abarrotadas e non hai moita resocialización dos reos, e por outra banda, xa que o PP fala de brecha social, o que lle diría é que o que xenera brecha social, é por exemplo, a brecha salarial.

**Sra. Bouza Bellón:** a visión da xustiza que nos presenta a moción está máis vinculada á vinganza que á propia xustiza. Temos as cárceres cheas, pese a ter as taxas de criminalidade mais baixas de Europa.

Como advirten os expertos, o endurecemento das penas non supón a redución dos delitos.

O PP fai populismo con sucesos dolorosos, cara a obter réditos electorais.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación á transcrita moción, con 9 votos en contra da súa aprobación dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO, e 4 votos a favor da súa aprobación dos Sres. concelleiros do PP.

### **7º.- DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS DA INTERVENCIÓN (DENDE O 22/11/2017 ATA 31/12/2017)**

Neste apartado pola Interventora municipal, en base o disposto nos artigos 213 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundo da lei reguladora das facendas locais de 5 de marzo e o disposto nos artigos 4 e 6 do Real decreto 1174/87 de 18 de setembro polo que se aproba o Regulamento de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, fai constar o seguinte:

1º.-En virtude do establecido no artigo 215 do Real decreto mencionado anteriormente (2/2014), si no exercicio da función interventora o órgano interventor se manifestara en desacordo co fondo ou forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular por escrito os seus reparos antes da adopción do acordo ou resolución.

2º.-En virtude do artigo 218 do Real Decreto 2/2004, o órgano interventor elevará informe ó Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados. O contido deste apartado constitúe un punto independente do orde do día da correspondente sesión plenaria.

3º.-Que a relación de reparos emitidos pola Intervención municipal dende o 22/11/2017 ata o 31/12/2017 foi presentada o Pleno para o seu coñecemento.

4º.-Que ditos informes atópanse nas dependencias da Área de Intervención.

O Pleno toma coñecemento do asunto e queda enterado.

### **8º.- DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES E MOROSIDADE DO CUARTO TRIMESTRE DO EJERCICIO 2017**

Os principios de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira do sector público como base do funcionamento estrutural das Administracións Públicas resultan clave para o crecemento económico benestar social e contribúen a xenerar confianza no correcto funcionamento do sector público. Dada esta importancia, o lexislador redefiniu o principio de sostenibilidade financeira no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria y Sostenibilidade Financeira, incluíndo non so o control da débeda pública financeira, sino tamén o control da débeda comercial. Co obxecto de controlar a débeda comercial e erradicar a morosidade das Administracións



Públicas se esixe crear un instrumento, automático e de fácil aplicación, para que o seu seguimento permita un control xeneralizado e eficaz, que sexa comprensible tanto para as Administracións Públicas como para os cidadáns e, sobre todo, que sexa público de acordo co principio de transparencia recollido no artigo 6 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

Con este propósito, a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago o retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público seu período medio de pago que deberán calcular de acordo con unha metodoloxía común que se concreta a través do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo. El período medio de pago definido neste real decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en términos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, por la que se establecen medidas de loita contra la morosidade en las operacións comerciais.

La Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo “1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad. (.....) 2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios.

En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)

Do mesmo xeito, na súa Disposición Final sétima, modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público: “La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no apartado catorce unha disposición adicional quinta co seguinte tenor literal: “Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores. Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.” A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens o prestación dos servizos para aprobar as certificacións o documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partires desta data de aprobación para proceder o pago do prezo sen incorrer en mora. O inicio do cómputo do período medio de pago, tanto das operacións pagadas como as pendentes, polo que se refire ós Informes de Morosidade se computa, con carácter xeral, dende a recepción da factura

Pola Interventora Municipal e dando cumprimento ao establecido na lexislación anterior, a cal determina a obrigatoriedade das Corporacións Locais de elaborar e remitir o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sen prexuízo da súa presentación e debate no Pleno, un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pagamento das obrigas de cada Entidade Local, se da conta ao Pleno dos correspondentes ao cuarto trimestre de 2017.

Ditos informes deberán estar referidos ao último día de cada trimestre natural e acompañados da documentación correspondente.

De seguido tamén se da conta sobre o período medio de pagamento correspondente os períodos indicados, que establece o Real decreto 635/2014 de 25 de xullo.

En ámbolos dous casos achégase a pertinente documentación que se pon a disposición do Pleno desta Corporación.

## DATOS PMP CUARTO TRIMESTRE 2017

<b>ENTIDAD</b>	<b>RATIO OPERACIONES PAGADAS (días)</b>	<b>IMPORTE PAGOS REALIZADOS (€)</b>	<b>RATIO OPERACIONES PENDIENTES (días)</b>	<b>IMPORTE PAGOS PENDIENTES (€)</b>	<b>PMP (días)</b>
<b>NEDA</b>	-23,75	760.219,64	0,00	0.00	-23,75

<b>PMP GLOBAL</b>	760.219,64		0,00	-23,75
-------------------	------------	--	------	--------

$$\text{PMPi} = ( \text{ROPi} * \text{IPRi} + \text{ROPPI} * \text{IPPi} ) / ( \text{IPRi} + \text{IPPi} )$$

$$\text{PMP Global} = \sum \text{PMPi} * ( \text{IPRi} + \text{IPPi} ) / \sum ( \text{IPRi} + \text{IPPi} ), i=0, \dots, n$$

<b>Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral *</b>	
Neda	(23,75)

\* Cuando el dato se refleja entre paréntesis se refiere a un importe negativo, representativo bien de una mayor celeridad, en término medio, en el pago por parte de la Administración en relación al periodo máximo previsto legalmente con carácter general para dar conformidad a la factura, o bien a que las operaciones pendientes de pago de la Administración se encuentran, en término medio, en un momento anterior a dicho periodo máximo.

## **9º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Intervén en primeiro lugar o **Concelleiro do grupo municipal de MOVENEDA, Sr. Caaveiro Puentes**, que formula as seguintes preguntas:

1ª.- Xa antes do Pleno ordinario de novembro solicitamos documentación sobre unha serie de temas, relativos ao servizo de limpeza, á cuberta do pavillón polideportivo, etc. e queremos saber cando se nos vai proporcionar, dado o tempo transcorrido.

2ª.- Sabemos que se traballou na eliminación de barreiras arquitectónicas, pero cando se vai resolver o tema do cambio de localización de varios postes de telefónica, que supoñen barreiras deste tipo.

3ª.- ¿Cómo está a licitación de contratos vencidos ou próximos a vencer, como os de recollida de lixo, limpeza e axuda no fogar?

4ª.- ¿Se vai facer neste ano a repoboación do Monte de Ancos?

5ª.- ¿Existe xa un proxecto para a presa do Río Belette?

6ª.- Temos prorrogados os orzamentos do 2017, ¿se vai a comezar a traballar nos orzamentos de 2018?

7ª.- Queremos saber como podemos canalizar anuncios a través da axencia de prensa que ten contratada o Concello, xa que según dixo o Alcalde, tratábase dun servizo municipal, non do goberno municipal.

8ª.- A vindeira apertura do ximnasio municipal, ¿vai influír no contratos de escolas deportivas e culturais?

9ª.- La Voz de Galicia publicaba estes días atrás que as percepcións anuais do Alcalde de Neda ascenden a 14.093 euros, ¿é correcta a cantidade?

10ª.- ¿En qué trámite se atopa o expediente da antena de telefonía móvil recentemente instalada sen licenza?

Seguidamente intervén o **Sr. Alcalde**, para responder ás preguntas formuladas polo Sr. Caaveiro Puentes:

En canto á documentación solicitada, tivemos gran acumulación de traballo nos servizos antes do remate do ano, especialmente por razón do POS da Deputación, a agora en canto se poda, se dará traslado da documentación solicitada.

En materia de barreiras arquitectónicas seguimos traballando coas cuadrillas que nos subvenciona a Deputación, e tamén falamos con Telefónica para que soluciona o tema dos seus postes.

A licenza de telefonía móvil ten aberto un expediente de reposición da legalidade urbanística, e está pendente de dous informes sectoriais, un da Axencia de Seguridade Aérea, que xa chegou a semana pasada en sentido favorable, e outro da Consellería de Medio Rural que aínda non se aportou.

En canto aos contratos vencidos ou pendentes de rematar, se están empezando os trámites do servizo de limpeza e de axuda no fogar, e o de recollida de lixo, se está traballando para poder mancomunalo con outros Concellos.

En breve empezaremos a traballar no orzamento 2018, e comezaremos tamén os traballos de reboación do Monte de Ancos.

Para o Río Beelle, non existe un proxecto de presa como tal, senón unha idea, unha memoria, e se pediu a Augas de Galicia a ver si a pode desenvolver.

A axencia de prensa contratada por parte do Concello está a disposición dos grupos municipais, pero para publicidade institucional.

En canto ao ximnasio empezaremos cun contrato menor, para ver que aceptación ten, e sobre este tema informará o Concelleiro de Deportes na vindeira Comisión Informativa.

Por último, en canto á cantidade percibida por esta Alcaldía, supoño que o dato estará correcto, en todo caso, se trata de asistencias a órganos colexiados, do que hai que descontar o correspondente imposto sobre a renda das persoas físicas, e que non supoñe custos sociais para o Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certificado.

O Alcalde

O Secretario Xeral